

DONON

Lugar da parroquia de Hío, municipio de Cangas (Pontevedra), que conta con 720 habitantes e dista 5 km. da capital municipal. Trátase dunha entidade rica en xacementos arqueolóxicos, situada no extremo da península de O Morrazo. Os principais accidentes xeográficos localízanse no monte Facho de Donón (184 m.) e nos cabos Home e Pequeno, dotados de faros de sinalización. Entre os achádegos arqueolóxicos cabe sinalar diversas estacións con gravados rupestres e a existencia dun importante castro no monte Facho, unha de cuxas abas é así mesmo orixe dunha interesante serie epigráfica. Os gravados rupestres máis significativos son os de Mogüelos, próximos ao camiño que desce desde a estrada a Donón cara á praia de A Curuxana. Dos dous conxuntos existentes, o primeiro ofrece, sobre unha rocha plana, representacións esvaídas de círculos, liñas rectas e *coviñas*, distinguíndose claramente un puñal. O outro conxunto, no predio denominado Bouza de Arriba e sobre unha gran bóla granítica, está formado por dous motivos similares, de figura trapezoidal, con eixe vertical central e o terzo superior raiado, moi parecido a un dos gravados de Conxo (Santiago), que foi interpretado tanto nun sentido antropomorfo coma escutiforme. Outros gravados existen ao pé do monte Facho, na zona chamada As Cortes ou Os Cortellos, estremeira co camiño que une Donón e Vilanova. Recentemente localizáronse novos grupos de gravados.

Maior importancia ten o xacemento castreño asentado en O Facho, cuxo nome parece derivar da función da garita que o coroa. Táatase dunha habitación circular, de boa cantaría granítica e cúpula do mesmo material, onde hai reaproveitados fragmentos de algunha ara. A súa orixe hai que relacionala coa serie de miradores e vixías que no s. XVII se instalan para previr ataques de ingleses ou berberiscos, como o sufrido pola vila de Cangas a comezos desa centuria. O castro ocupa a parte máis alta do monte Facho e está constituído por unha serie de pequenas plataformas habilitadas entre grupos de rochas, onde se dispoñen as vivendas. Destas lévanse recoñecida dúas dos circulares que se apoian nas rochas e péchanse con muros de aparello miúdo, sostidos á súa vez polos muros que serven de peche ás plataformas. O acceso principal está orientado ao N., cun corredor entre dous paramentos. Entre os obxectos atopados, apenas se significan os de metal, abundando, en troques, a cerámica de pastas escuras e negras en forma de olas de variado tamaño. fondo plano e asas, decoradas a base de motivos xeométricos diversos, aínda que similares aos da cerámica do castro das illas Cíes e a outros da zona de Vigo. Fronte a estes materiais de tradición castrexa, apareceron tan só algúns fragmentos de ánforas romanas.

Nunha das abas, ao sudeste, localizáronse en diversas ocasións unha serie de epígrafes, parte dos cales gárdanse no Museo Municipal do Pazo «Quiñones de León» (Vigo) e outra parte, de máis recente achádego, no Museo de Pontevedra. A serie epigráfica é importante polo seu número e pola forma das pezas, que foxe da habitual romana deste tipo de obxectos e adquire carácter peculiar pola súa riqueza decorativa -temas de aspas, arcos, sucesivos listóns-, así como polo remate en frontón moi apuntado entre os rolos case irrecoñecibles que se sitúan na base. É preciso relacionar esta abundancia de aras coa existencia de santuarios. Aquelas, similares pola súa forma e texto, aparecen adicadas a unha mesma divindade e a súa cristianización produciuse pola transformación do lugar sagrado en ambiente para unha ermida, capela ou lugar de romaría, onde se festexa a un santo milagreiro e onde con frecuencia se dá o caso de que a base do altar cristiano é unha ara romana. No caso dos epígrafes do Facho de Donón, é maior a evidencia pola aparición dalgúns fustes de columnas e restos de capiteis pertencentes á dita edificación.

Creuse nun principio que o santuario estivo adicado ao deus romano Liber, divindade do viño xa testemuñada na zona ourensá de Valdeorras. Sen embargo, unha lectura

máis coidadosa, no cotexo entre os textos das distintas aras, cte., son datos que permiten pensar nunha divindade tópica referida ao nome do xacemento ou da comunidade que o habitaba na antigüidade. A lectura que hoxe parece máis segura é **DEO LARI BEROBREO**. O conxunto fórmano un total de 32 aras, máis a que se atopa reaproveitada na garita de O Facho e outras dúas perdidas. Non é posible recompoñer, cos fragmentos de un e outro lugar, ningunha peza completa.

(Tomado da *Enciclopedia Gallega*)

